



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 87

IV lexislatura

17 de xuño de 1994

SUMARIO

1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.3 OUTRAS PROPOSTAS DE NORMAS

1.3.1 PROPOSICIÓNS DE REFORMA DO REGULAMENTO DO PARLAMENTO

—Toma en consideración da Proposición de lei de reforma do Regulamento da Cámara (docs. núms. 1.825 e 1.840), e apertura do prazo de presentación de emendas. 2.124

3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI

3.6.2 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN

3.6.2.3 PROPOSICIÓNS APROBADAS

—Proposición non de lei, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Francisco Rodríguez Sánchez, sobre o proxecto de cerramento da enseada da Malata (concello de Ferrol) e recheo de parte dela (núm. 1.440. Comisión 2ª). 2.124

—Proposición non de lei, do G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. Francisco Cerviño González, sobre a dotación á estrada AC-173 N-VI/Santa Cruz dunha beiravía estándar, beirarrúas, iluminación, pasos elevados, semáforos e establecemento dun carril-bici, antes do comezo do curso académico 94-95 (núm. 1.493. Comisión 2ª). 2.125

—Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Francisco Trigo Durán e tres deputados máis, sobre o fomento da coordinación, do asociacionismo, da comercialización e da exportación e a homologación da normativa sanitaria para o mexillón importado co galego (núm. 1.695. Comisión 8ª). 2.125

4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

4.3 PREGUNTAS

4.3.3 PREGUNTAS POR ESCRITO

—Pregunta por escrito formulada por D. Manuel Ceferino Díaz e Díaz, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións da Consellería de Industria e Comercio respecto da adopción

SUMARIO

de medidas de seguridade e conservación do medio ambiente pola explotación dunha graveira a ceo aberto na estrada PO-400, Salvaterra-As Neves, na recta de Liñares (núm. 1.921).

2.126

—Pregunta por escrito formulada por D. Alfredo Suárez Canal e D. Xosé Henrique Rodríguez Peña, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as obras contratadas directamente pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda (núm. 1.928).

2.127

—Pregunta por escrito formulado por D. Francisco Rodríguez Sánchez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o prazo previsto pola Consellería de Cultura respecto da creación dos órganos territoriais emanados da Lei 14/1988, do 11 de outubro, de bibliotecas (núm. 1.931).

2.127

—Pregunta por escrito formulada por D. Francisco Rodríguez Sánchez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Consellería de Cultura respecto da creación, a curto ou medio prazo, da Librería e Distribuidora da Xunta (núm. 1.932).

2.128

—Pregunta por escrito formulada por D. Roberto Taboada Rivadulla, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as razóns da demora da publicación do nomeamento e destino adxudicado ós aspirantes aprobados nas probas para o ingreso no corpo de auxiliares técnicos de Administración especial da Xunta de Galicia (grupo D), especialidade de gardas forestais, e data prevista (núm. 1.946).

2.129

4.4 RESPÓSTAS A PREGUNTAS

—Resposta remitida pola Xunta de Galicia (núm. 1.916) á Pregunta de D^a M^a Antonia Álvarez Yáñez, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as subvencións concedidas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes á empresa COPORSA de Ourense, contía e exercicios presupostarios nos que figuraron (núm. 1.916. Pregunta núm. 1.464).

2.130

—Resposta remitida pola Xunta de Galicia á Pregunta de D^a M^a Antonia Álvarez Yáñez, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o importe total e partidas presupostarias consignadas nos anos 1993 e 1994 para as obras de ampliación da ponte das Burgas, en Ourense (núm. 1.917. Pregunta núm. 1.461).

2.131

—Resposta remitida pola Xunta de Galicia á Pregunta de D^a M^a Antonia Álvarez Yáñez, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a existencia de vivendas sociais adxudicadas e sen ocupar no barrio Virxe de Covadonga (Ourense), seguimento destas situacións e previsións da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda respecto da aplicación da normativa legal (núm. 1.918. Pregunta núm. 1.462).

2.131

—Resposta remitida pola Xunta de Galicia á Pregunta de D^a M^a Antonia Álvarez Yáñez, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o importe e o nome dos beneficiarios das subvencións concedidas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes para a comercialización da pataca na comarca da Limia nos anos 1992-1993 (núm. 1.934. Pregunta núm. 1.517).

2.132

—Resposta remitida pola Xunta de Galicia á Pregunta de D^a M^a Antonia Álvarez Yáñez, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as subvencións concedidas pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda á empresa COPORSA de Ourense, contía e exercicios presupostarios nos que figuraron (núm. 1.952. Pregunta núm. 1.463).

2.134

—Resposta remitida pola Xunta de Galicia á Pregunta de D. Guillermo Vázquez Vázquez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións respecto da contía da dotación de persoal, especialidades, servizo de urxencia, equipo de atención primaria e posta en funcionamento do novo centro de saúde do concello do Porriño (núm. 1.953. Pregunta núm. 1.537).

2.135

—Resposta remitida pola Xunta de Galicia á Pregunta de D^a M^a Pilar García Negro e D. Francisco Rodríguez Sánchez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os datos relativos á distribución anual dos mil douscentos millóns de pesetas consignados nos presupostos da CRTVG para 1994, destinados a dobraxes e subtitulacións, criterios seguidos e pagamentos efectuados, a 31 de decembro de 1993, ás diferentes empresas do sector (núm. 1.954. Pregunta núm. 1.478).

2.136

—Resposta remitida pola Xunta de Galicia á Pregunta de D^a M^a Pilar García Negro e D. Francisco Rodríguez Sánchez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os datos re-

SUMARIO

lativos á aplicación das partidas consignadas nos presupostos da CRTVG do ano 1993 destinadas a “Colaboracións” e criterios de selección utilizados (núm. 1.955. Pregunta núm. 1.477). 2.137

9. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

9.1 INFORMACIÓNS

—Rexeitamento da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Francisco Rodríguez Sánchez e D. Alberte Xullo Rodríguez Feixoo, sobre a situación do instituto de Formación Profesional de Foz (núm. 1.006. Comisión 4ª). 2.138

—Rexeitamento da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Francisco Rodríguez Sánchez, sobre as probas de selectividade para o acceso á Universidade (núm. 1.117. Comisión 4ª). 2.138

—Rexeitamento da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de Dª Olaia Fernández Davila e D. Francisco Trigo Durán, sobre o grupo de empresas Mar (núm. 1.012. Comisión 6ª). 2.139

—Rexeitamento da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Alfredo Suárez Canal e Dª María Pilar García Negro, sobre as medidas para buscar unha saída xusta e negociada ó problema das propiedades afectadas pola explotación de LIMEISA nas Encrobas (núm. 1.259. Comisión 6ª). 2.139

—Rexeitamento da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Emilio López Pérez, sobre a toma de iniciativas por parte das consellerías de Agricultura, Gandería e Montes e Sanidade e Servizos Sociais para evitar accidentes relacionados con actividades no medio rural (núm. 1.565. Comisión 7ª). 2.140

—Rexeitamento da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. Uxío Labarta Fernández, sobre a asunción de oficio das funcións de vixilancia e inspección dos vertidos industriais nas rías e a limpeza dos fondos das embarcacións polo Servizo de Protección de Recursos, Subdirección Xeral de Protección de Recursos (núm. 1.490. Comisión 8ª). 2.140

1

**PROCEDEMENTOS DE NATUREZA
NORMATIVA****1.3 OUTRAS PROPOSTAS DE NORMAS****1.3.1 PROPOSICIÓNS DE REFORMA DO
REGULAMENTO DO PARLAMENTO**

Toma en consideración da Proposición de lei de reforma do Regulamento da Cámara (docs. núms. 1.825 e 1.840), e apertura do prazo de presentación de emendas.

Presidencia

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 14 de xuño de 1994, no punto segundo da orde do día, aprobou, por unanimidade, a toma en consideración da Proposición de lei de reforma do Regulamento da Cámara, a iniciativa do G.P. dos Socialistas de Galicia (docs. núms. 1.825 e 1.840, publicados no BOPG núm. 81, do 10 de xuño de 1994).

Así mesmo, consultados os portavoces, a Mesa acordou a súa tramitación ante a Comisión do Regulamento, polo procedemento de urxencia, coa apertura dun prazo de oito días hábiles para a presentación de emendas, que remata o próximo día 27 de xuño de 1994, luns.

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 1994.

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez

3

**PROCEDEMENTOS DE CONTROL E
IMPULSO****3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI****3.6.2 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN
COMISIÓN****3.6.2.3 PROPOSICIÓNS APROBADAS**

Proposición non de lei, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Francisco

Rodríguez Sánchez, sobre o proxecto de cerramento da enseada da Malata (concello de Ferrol) e recheo de parte dela (núm. 1.440. Comisión 2ª).

Presidencia

A Comisión 2ª, en reunión celebrada o día 9 de xuño de 1994, no punto 2º da orde do día, aprobou a Proposición non de lei, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Francisco Rodríguez Sánchez, sobre o proxecto de cerramento da enseada da Malata (concello de Ferrol) e recheo de parte dela (doc. núm. 1.440, publicado no BOPG núm.62, do 29 de abril de 1994), con modificacións respecto do texto orixinal e co contido literal seguinte:

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a, facendo uso das súas atribucións e competencias en materia de pesca e marisqueo, augas interiores, medio ambiente e ordenación do territorio:

1º - Oporse á realización do proxecto da autoridade portuaria de Ferrol-San Cibrao, relativo, en concreto, ó cerramento da enseada da Malata, debido ó recheo que supón e ás negativas consecuencias que se derivarían para a ría de Ferrol no seu conxunto e para a riqueza marisqueira da zona.

2º - Dirixirse á autoridade portuaria de Ferrol-San Cibrao e ó MOPTMA, para que reconsideren a necesidade de execución do proxecto e procedan á súa retirada polo impacto negativo que tería, en diversos aspectos, desde o ecolóxico ó económico, para a ría.

3º - Continuar co saneamento integral da ría de Ferrol, de acordo co contido do plan especial para Ferrol e a súa comarca, asinado polo presidente da Xunta e os representantes das centrais sindicais UXT, CCOO e CIG.

4º - Insta-la autoridade portuaria para que se equi-pe adecuadamente o peirao destinado á descarga de carbón con destino a Endesa (As Pontes), co fin de impedi-lo impacto ambiental no aire e na auga que xera a descarga e almacenamento temporal do carbón ó aire libre.”

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 1994.

O VICEPRESIDENTE 2º

Miguel Cortizo Nieto

Proposición non de lei, do G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. Francisco Cerviño González, sobre a dotación á estrada AC-173 N-VI/Santa Cruz dunha beiravía estándar, beirarrúas, iluminación, pasos elevados, semáforos e establecemento dun carril-bici, antes do comezo do curso académico 94-95 (núm. 1.493. Comisión 2º).

Presidencia

A Comisión 2ª, en reunión celebrada o día 9 de xuño de 1994, no punto 2º da orde do día, aprobou a Proposición non de lei, do G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. Francisco Cerviño González, sobre a dotación á estrada AC-173 N-VI/Santa Cruz dunha beiravía estándar, beirarrúas, iluminación, pasos elevados, semáforos e establecemento dun carril-bici, antes do comezo do curso académico 94-95 (doc. núm. 1.493, publicado no BOPG núm. 65, do 6 de maio de 1994), con modificacións respecto do texto orixinal e co contido literal seguinte:

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que no ano en curso elabore un convenio coa Dirección Xeral de Tráfico e co Concello de Oleiros que contemple a realización, na estrada AC-173 N-VI/Santa Cruz, dunha beiravía estándar e de beirarrúas e a que estea iluminada en todo o seu traxecto; así mesmo, a que se coloquen os pasos elevados e semáforos precisos, esencialmente á altura dos institutos, e ó establecemento dun carril-bici.”

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 1994.

O VICEPRESIDENTE 2º

Miguel Cortizo Nieto

Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Francisco Trigo Durán e tres deputados máis, sobre o fomento da coordinación, do asociacionismo, da comercialización e da exportación e a homologación da normativa sanitaria para o mexillón importado co galego (núm. 1.695. Comisión 8º).

Presidencia

A Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, en sesión celebrada o día 8 de xuño de 1993, no punto 2º da orde do

día, aprobou a Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Francisco Trigo Durán e tres deputados máis, sobre o fomento da coordinación, do asociacionismo, da comercialización e da exportación e a homologación da normativa sanitaria para o mexillón importado co galego (doc. núm. 1.695, publicado no BOPG núm. 73, do 2 de maio de 1994), con modificacións con respecto ó texto orixinal e co contido literal seguinte:

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a:

1.- Fomenta-la coordinación e o asociacionismo entre tódalas asociacións existentes, axudándoas mediante incentivos económicos en axudas para a formación no sector, a comercialización e a exportación.

2.- Reclamar da Administración do Estado que as normas sanitarias que deba cumpri-lo mexillón importado sexan as mesmas que ten que cumpri-lo mexillón galego, homoxeneizando e homologando as normativas e impedindo a entrada namentres non se cumpra.

3.- Mante-la colaboración entre a Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura e o Consello Rector da Denominación do Produto de Calidade Mexillón de Galicia, por un prazo mínimo de tres anos, a fin de asegura-la recuperación dos mercados, a consecución doutros novos e a mellor comercialización posible do mexillón galego, tendo como eixe a súa calidade e condicións sanitarias.

4.- Co fin de lle poñer fin a unha situación desestabilizadora do mercado do mexillón e do propio sector produtor, provocada polos efectos das mareas vermellas do ano 93, aprobar un plan de actuación -en colaboración coas organizacións do sector- sobre o mexillón “vello”, que permita retiralo dos parques de cultivo e procesalo.”

O que se publica para xeral coñecemento e ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 1994.

O VICEPRESIDENTE 2º

Miguel Cortizo Nieto

4

PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

4.3 PREGUNTAS

4.3.3 PREGUNTAS POR ESCRITO

Pregunta por escrito formulada por D. Manuel Ceferino Díaz e Díaz, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións da Consellería de Industria e Comercio respecto da adopción de medidas de seguridade e conservación do medio ambiente pola explotación dunha graveira a ceo aberto na estrada PO-400, Salvaterra-As Neves, na recta de Liñares (núm. 1.921).

Presidencia

Por acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, adoptado en sesión celebrada o día 14 de xuño de 1994, admítase a trámite o escrito formulado por D. Manuel Ceferino Díaz e Díaz, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións da Consellería de Industria e Comercio respecto da adopción de medidas de seguridade e conservación do medio ambiente pola explotación dunha graveira a ceo aberto na estrada PO-400, Salvaterra-As Neves, na recta de Liñares (núm. 1.921).

Cualifícase como pregunta por escrito.

En cumprimento do disposto no artigo 65 e concordantes do Regulamento do Parlamento de Galicia, ordénase a súa publicación no Boletín Oficial da Cámara.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 1994.

O VICEPRESIDENTE 1º

José María García Leira

Á Mesa do Parlamento

Manuel Ceferino Díaz e Díaz, deputado pertencente ó Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ó abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte pregunta escrita, dirixida ó Excmo. Sr. conselleiro de Industria.

Na estrada PO-400, Salvaterra-As Neves, á altura coñecida como a recta de Liñares, sorprende ó visitante a visión de inmensas lagoas, perigosas dada a súa gran extensión e profundidade, sen ningún tipo de sinalización e protección. Sorprende aínda máis que, no ano 1994, en Galicia, parte importante da Unión Europea, se dean visións coma esta, sen que as autoridades competentes fagan nada por corrixila.

Nada que obxectar á existencia dunha graveira, si ó seu sistema de funcionamento; nos tempos que corren a explotación dunha graveira ten que ser compatible coa seguridade dos cidadáns, coa súa saúde e coa conservación do medio ambiente.

A visión que ofrece a explotación a ceo aberto desta graveira hai que cualificala, cando menos, de terceiromundista e preocupante para a seguridade de viaxeiros e transeúntes, pola falta de sinalización e protección das grandes pozas ou lagos, creados por unhas excavacións interminables nas que non se realiza labor ningún de reposición do terreo, e tamén preocupante para a calidade de vida dos moradores do lugar pola deterioración da paisaxe e dos acuíferos, así como pola contaminación atmosférica xerada pola falta de medidas correctoras.

Por todo o antedito, o deputado que subscribe, es trañado de que cousas coma estas poidan pasar en Galicia nos nosos días, pregunta:

¿Como pode consenti-lo Sr. conselleiro unha explotación a ceo aberto que non toma as mínimas medidas de seguridade e que deteriora gravemente o medio ambiente físico e atmosférico?

¿Que medidas pensan tomar para corrixir estes abusos do patrimonio común?

¿En que prazos?

¿Como é que os servizos da Consellería non detectan, nas inspeccións de rutina, as anomalías descritas?

Sabemos das denuncias presentadas e da falta de aplicación das medidas por esa Consellería acordadas; ante a política de feitos consumados, ¿pensan facer algo máis que calar?

¿Por que tanto silencio, ante tanta arbitrariedade?

Parlamento de Galicia, 8 de xuño de 1994.

Asdo.: Manuel Ceferino Díaz e Díaz
Deputado

Pregunta por escrito formulada por D. Alfredo Suárez Canal e D. Xosé Henrique Rodríguez Peña, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as obras contratadas directamente pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda (núm. 1.928).

Presidencia

Por acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, adoptado en sesión celebrada o día 14 de xuño de 1994, admítese a trámite o escrito formulado por D. Alfredo Suárez Canal e D. Xosé Henrique Rodríguez Peña, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as obras contratadas directamente pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda (núm. 1.928).

Cualifícase como pregunta por escrito.

En cumprimento do disposto no artigo 65 e concordantes do Regulamento do Parlamento de Galicia, ordénase a súa publicación no Boletín Oficial da Cámara.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 1994.

O VICEPRESIDENTE 1º

José María García Leira

Á Mesa do Parlamento

Alfredo Suárez Canal e Xosé Henrique Rodríguez Peña, deputados do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ó abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte pregunta con resposta por escrito, sobre obras contratadas directamente pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda.

Na recente Comisión de investigación para analizar as irregularidades existentes en obras licitadas publicamente cando xa estaban realizadas nos concellos

de Verín e Castrelo do Val, o Bloque Nacionalista Galego solicitou unha documentación referida ás obras de contratación directa que leva realizadas a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, por se esta práctica fose xeneralizada. Tendo en conta que unha das argumentacións que nós utilizamos para solicita-la Comisión de investigación era indagar sobre as posibles irregularidades en máis obras, consideramos imprescindible que se nos contesten as seguintes preguntas:

¿Cantas obras realizou a Consellería no exercicio 1993 e no que vai de 1994 polo método de contratación directa?

¿Cal é o montante global desas obras?

¿Cal é o desglose das obras por provincias?

¿Cal é a lista dos adxudicatarios de cada unha das obras e o importe de adxudicación?

¿Cal é a lista das obras adxudicadas a propostas diferentes da feita pola Mesa de licitación?

¿Cales son as razóns destas modificacións na adxudicación?

Rogariamos que a resposta fose o máis detallada posible.

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 1994.

Asdo.: Alfredo Suárez Canal

Xosé H. Rodríguez Peña

Deputados do G.P. do BNG

Pregunta por escrito formulada por D. Francisco Rodríguez Sánchez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o prazo previsto pola Consellería de Cultura respecto da creación dos órganos territoriais emanados da Lei 14/1988, do 11 de outubro, de bibliotecas (núm. 1.931).

Presidencia

Por acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, adoptado en sesión celebrada o día 14 de xuño de 1994, admítese a trámite o escrito formulado por D. Francisco Rodríguez Sánchez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o prazo previsto pola Consellería de Cultura respecto da creación dos órga-

nos territoriais emanados da Lei 14/1988, do 11 de outubro, de bibliotecas (núm. 1.931).

Cualifícase como pregunta por escrito.

En cumprimento do disposto no artigo 65 e concordantes do Regulamento do Parlamento de Galicia, ordénase a súa publicación no Boletín Oficial da Cámara.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 1994.

O VICEPRESIDENTE 1º

José María García Leira

Á Mesa do Parlamento

Francisco Rodríguez Sánchez, deputado do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ó abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte pregunta con resposta por escrito á Consellería de Cultura.

Segundo a Asociación Bibliotecaria Galega, está creado o órgano central, establecido pola Lei 14/1988, do 11 de outubro, de bibliotecas, o Consello de Bibliotecas, malia non ter case actividade. Pero non se crearon os correspondentes órganos provinciais (centros territoriais de bibliotecas), malia seren os que deben levar a adiante os labores prácticos. Vai para catro anos que non existen canles directas, inmediatas e cotiás entre as bibliotecas do país e as administracións. Non existe, pois, claridade en canto a plans e obxectivos nin interlocutores prácticos para os principais actores, os/as profesionais das bibliotecas, sometidos á falta de contacto oficial entre eles, tamén.

Por todo isto, formulámoslle a seguinte pregunta, para a súa resposta por escrito, á Consellería de Cultura:

¿Cando serán citadas as partes implicadas (deputacións, concellos, asociacións bibliotecarias) para a conformación dos órganos territoriais emanados da Lei 14/1988, do 11 de outubro, de bibliotecas?

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 1994.

Asdo.: Francisco Rodríguez Sánchez

Deputado do G.P. do BNG

Pregunta por escrito formulada por D. Francisco Rodríguez Sánchez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Consellería de Cultura respecto da creación, a curto ou medio prazo, da Librería e Distribuidora da Xunta (núm. 1.932).

Presidencia

Por acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, adoptado en sesión celebrada o día 14 de xuño de 1994, admítese a trámite o escrito formulado por D. Francisco Rodríguez Sánchez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Consellería de Cultura respecto da creación, a curto ou medio prazo, da Librería e Distribuidora da Xunta (núm. 1.932).

Cualifícase como pregunta por escrito.

En cumprimento do disposto no artigo 65 e concordantes do Regulamento do Parlamento de Galicia, ordénase a súa publicación no Boletín Oficial da Cámara.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 1994.

O VICEPRESIDENTE 1º

José María García Leira

Á Mesa do Parlamento

Francisco Rodríguez Sánchez, deputado do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ó abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte pregunta para a súa resposta por escrito á Consellería de Cultura.

Nótase en falta no noso país a existencia dunha librería e distribuidora da Xunta que comercialice e distribúa os materiais que edita a Administración autonómica, á parte do publicado polas deputacións, concellos e outros organismos públicos. Moitas veces estes materiais non chegan ó cidadán por problemas de distribución, falta de información ou outros motivos. Hai que percorrer dependencias diversas para atoparlas devanditas publicacións, distribuídas irregularmente e sen criterios homoxéneos. Sería, ademais, a mellor maneira de posibilitar unha información cen-

tralizada e posibilitar canles de intercambio con centros institucionais homólogos de fóra de Galicia.

Por iso formulámo-la seguinte pregunta para a súa resposta por escrito:

¿Ten a Xunta de Galicia -a Consellería de Cultura- como obxectivo, a curto ou medio prazo, a creación da Librería e Distribuidora da Xunta?

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 1994.

Asdo.: Francisco Rodríguez Sánchez

Deputado do G.P. do BNG

Pregunta por escrito formulada por D. Roberto Taboada Rivadulla, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as razóns da demora da publicación do nomeamento e destino adxudicado ós aspirantes aprobados nas probas para o ingreso no corpo de auxiliares técnicos de Administración especial da Xunta de Galicia (grupo D), especialidade de gardas forestais, e data prevista (núm. 1.946).

Presidencia

Por acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, adoptado en sesión celebrada o día 14 de xuño de 1994, admítase a trámite o escrito formulado por D. Roberto Taboada Rivadulla, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as razóns da demora da publicación do nomeamento e destino adxudicado ós aspirantes aprobados nas probas para o ingreso no corpo de auxiliares técnicos de Administración especial da Xunta de Galicia (grupo D), especialidade de gardas forestais, e data prevista (núm. 1.946).

Cualifícase como pregunta por escrito.

En cumprimento do disposto no artigo 65 e concordantes do Regulamento do Parlamento de Galicia, ordénase a súa publicación no Boletín Oficial da Cámara.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 1994.

O VICEPRESIDENTE 1º

José María García Leira

Á Mesa do Parlamento

Roberto Taboada Rivadulla, deputado pertencente ó Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ó

amparo do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Pola Orde da Consellería da Presidencia e Administración Pública do 30 de decembro de 1991, foron convocadas prazas para o corpo de auxiliares técnicos de Administración especial da Xunta de Galicia (grupo D), especialidade de gardas forestais, axentes e capataces forestais.

Na dita convocatoria, que foi publicada no DOG nº 34, do 19 de febreiro de 1992, no apartado de “nomeamentos de funcionarios”, na base V.4, especificáse textualmente que: “Rematado o proceso selectivo e unha vez cumpridos os requisitos esixidos con anterioridade, os que o superasen serán nomeados funcionarios de carreira mediante resolución do conselleiro da Presidencia e Administración Pública, que se publicará no DOG e na que se indicará o destino adxudicado de acordo coa puntuación obtida nas probas selectivas e de conformidade cos requisitos esixidos nas relacións de postos de traballo”.

Así mesmo, na base V.5, di: A toma de posesión dos aspirantes aprobados será efectuada no prazo de un mes, contado a partir da data de publicación do seu nomeamento no DOG, de conformidade coas disposicións previstas na Lei 4/1991, do 26 de maio, da función pública de Galicia, e na Lei 4/1991, do 8 de marzo, de reforma daquela.

No DOG nº 146, do 2 de agosto de 1993, publícase a Resolución do 12 de xullo de 1993, da Consellería da Presidencia e Administración Pública, pola que se elevan a definitivas as puntuacións das probas selectivas de acceso ó corpo de auxiliares técnicos de Administración especial da Xunta de Galicia (grupo D), especialidade de gardas forestais, axentes e capataces forestais, obtidas na fase de concurso e que foron publicadas o 21 de maio de 1993 (DOG nº 95).

No DOG nº 203, do 21 de outubro de 1993, a Consellería da Presidencia e Administración Pública publica a Orde do 13 de outubro de 1993 pola que se eleva a definitiva a proposta de aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso no corpo de auxiliares técnicos de Administración especial da Xunta

de Galicia (grupo D), especialidade de gardas forestais, axentes e capataces forestais.

Así mesmo a dita orde dispón no apartado segundo que: “Os opositores que constan no devandito anexo deberanlle remitir, no prazo de vinte días naturais, contados a partir do seguinte ó da publicación desta orde no DOG, á Dirección Xeral da Función Pública da Consellería da Presidencia e Administración Pública os documentos a que se refire a base V da orde de convocatoria”.

Pois ben, dende entón, é dicir, dende outubro de 1993, ata agora, xuño de 1994, nada máis se soubo do nomeamento definitivo dos aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso no corpo de auxiliares técnicos de Administración especial da Xunta de Galicia (grupo D), especialidade de gardas forestais.

Nada se sabe sobre o cumprimento, por parte da Consellería da Presidencia e Administración Pública, das bases V.4 e V.5 da convocatoria publicada no DOG nº 34, do 19 de febreiro.

Por todo isto, este deputado formula as seguintes preguntas:

¿Cal ou cales son as razóns do retraso no nomeamento de funcionarios de carreira, mediante resolución do conselleiro da Presidencia e Administración Pública, dos aspirantes que superaron o proceso para o ingreso no corpo de auxiliares técnicos de Administración especial da Xunta de Galicia (grupo D), especialidade de gardas forestais?

¿Por que non se publicou e indicou aínda o destino adjudicado de acordo coa puntuación obtida nas probas selectivas e de conformidade cos requisitos esixidos nas relacións de postos de traballo?

¿Para que data ten previsto o Sr. conselleiro da Presidencia face-la resolución preceptiva de nomeamento de funcionarios de carreira destes aspirantes que superaron o proceso de ingreso, e publícala no DOG?

¿Que tipo de persoal está a cubrir nestes momentos estas prazas?

Parlamento de Galicia, 8 de xuño de 1994.

Asdo.: Roberto Taboada Rivadulla
Deputado

4.4 RESPÓSTAS A PREGUNTAS

Resposta remitida pola Xunta de Galicia (nº. 1.916) á Pregunta de D^a M^a Antonia Álvarez Yáñez, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as subvencións concedidas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes á empresa COPORSA de Ourense, contía e exercicios presupostarios nos que figuraron (nº. 1.916. Pregunta nº. 1.464).

Presidencia

En cumprimento do disposto no artigo 65 e concordantes do Regulamento da Cámara, ordénase a publicación no Boletín Oficial do Parlamento da resposta remitida pola Xunta de Galicia (nº. 1.916) á Pregunta de D^a M^a Antonia Álvarez Yáñez, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as subvencións concedidas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes á empresa COPORSA de Ourense, contía e exercicios presupostarios nos que figuraron (nº. 1.464).

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 1994.

O VICEPRESIDENTE 1º

José María García Leira

Excmo. Sr.:

En relación coa Pregunta con resposta escrita número 1.464, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D^a M^a Antonia Álvarez Yáñez, sobre “as subvencións concedidas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes á empresa COPORSA de Ourense, contía e exercicios presupostarios nos que figuraron” (publicada no BOPG nº 66, do 7 de maio de 1994), teño a honra de enviarlle á V.E., para así dar cumprimento ó previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes non lle concedeu ningunha subvención á empresa COPORSA dende a súa constitución”.

O que lle remito á V.E., para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento en vigor.

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 1994.

Asdo.: Dositeo Rodríguez Rodríguez
Conseleiro da Presidencia e Administración Pública

Resposta remitida pola Xunta de Galicia á Pregunta de D^a M^a Antonia Álvarez Yáñez, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o importe total e partidas presupostarias consignadas nos anos 1993 e 1994 para as obras de ampliación da ponte das Burgas, en Ourense (núm. 1.917. Pregunta núm. 1.461).

Presidencia

En cumprimento do disposto no artigo 65 e concordantes do Regulamento da Cámara, ordénase a publicación no Boletín Oficial do Parlamento da resposta remitida pola Xunta de Galicia (núm. 1.917) á Pregunta de D^a M^a Antonia Álvarez Yáñez, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o importe total e partidas presupostarias consignadas nos anos 1993 e 1994 para as obras de ampliación da ponte das Burgas, en Ourense (núm. 1.461).

Santiago de Compostela, 14 de maio de 1994.

O VICEPRESIDENTE 1º

José María García Leira

Excmo. Sr.:

En relación coa Pregunta con resposta escrita número 1.461, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D^a M^a Antonia Álvarez Yáñez, sobre “o importe total e partidas presupostarias consignadas nos anos 1993 e 1994 para as obras de ampliación da ponte das Burgas, en Ourense” (publicada no BOPG nº 66, do 7 de maio de 1994), teño a honra de enviarlle á V.E., para así dar cumprimento ó previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola Consellería de Política

Territorial, Obras Públicas e Vivenda, que ten o seguinte contido:

“A obra de referencia foi financiada con cargo á partida presupostaria 06.03.413-B.601.10.

As obras adxudicáronse cunha anualidade para o ano 1993 de 30 millóns de pesetas.

Do importe total das obras, que ascende á cantidade de 115.749.544 ptas., a anualidade do ano 1994 é de 85.749.544 ptas.

No contrato da obra figuraba o seu financiamento en dúas anualidades e un período de execución de 12 meses, período que se viu reducido polo ritmo de execución das obras que permitiu adianta-la súa posta en funcionamento”.

O que lle remito á V.E., para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento en vigor.

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 1994.

Asdo.: Dositeo Rodríguez Rodríguez
Conseleiro da Presidencia e Administración Pública

Resposta remitida pola Xunta de Galicia á Pregunta de D^a M^a Antonia Álvarez Yáñez, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a existencia de vivendas sociais adxudicadas e sen ocupar no barrio Virxe de Covadonga (Ourense), seguimento destas situacións e previsións da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda respecto da aplicación da normativa legal (núm. 1.918. Pregunta núm. 1.462).

Presidencia

En cumprimento do disposto no artigo 65 e concordantes do Regulamento da Cámara, ordénase a publicación no Boletín Oficial do Parlamento da resposta remitida pola Xunta de Galicia (núm. 1.918) á Pregunta de D^a M^a Antonia Álvarez Yáñez, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a existencia de vivendas sociais adxudicadas e sen ocupar no barrio Virxe de Covadonga (Ourense), seguimento destas situacións e previsións da Consellería de Política

Territorial, Obras Públicas e Vivenda respecto da aplicación da normativa legal (núm. 1.462).

Santiago de Compostela, 14 de maio de 1994.

O VICEPRESIDENTE 1º

José María García Leira

Excmo. Sr.:

En relación coa Pregunta con resposta escrita número 1.462, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de Dª Mª Antonia Álvarez Yáñez, sobre “a existencia de vivendas sociais adxudicadas e sen ocupar no barrio Virxe de Covadonga (Ourense), seguimento destas situacións e previsións da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda respecto da aplicación da normativa legal” (publicada no BOPG nº 66, do 7 de maio de 1994), teño a honra de enviarlle á V.E., para así dar cumprimento ó previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, que ten o seguinte contido:

“As vivendas sociais de Virxe de Covadonga agrúpanse en tres expedientes diferentes (OR-3055, OR-443 e OR-4004) cun total de 320 vivendas, que foron adxudicadas en réxime de acceso diferido á propiedade. De entre todas elas, neste momento, só faltan por amortizar 16 vivendas. As demais están pagadas na súa totalidade.

No IGVS non existe constancia de que ningunha destas 16 vivendas, que aínda teñen cantidades pendentes para completa-la súa amortización, estean desocupadas permanentemente.

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda está a aplicar tódolos mecanismos legais dos que dispón para garanti-lo cumprimento das disposicións legais e regulamentarias reguladoras das vivendas de protección oficial. Estase a sancionar calquera infracción ó réxime legal de vivendas de protección oficial aínda que, moitas veces, como no caso das desocupacións deste tipo de vivendas, atópanse serias dificultades á hora de comproba-la infracción, xa que esixe un gran rigor nas probas que deben ser demostradas con evidente claridade. Con

este fin solicítanse certificados de consumo ás empresas municipais de auga e á empresa subministradora de enerxía eléctrica, certificados de empadramento ós concellos, fanse repetidas visitas ós domicilios, solicítase información entre os veciños, etc., pero aínda así non sempre é doado demostra-la desocupación da vivenda.

Por outra banda, e encamiñado a conseguila plena ocupación das vivendas de promoción pública, a Consellería elaborou un decreto que pretende legaliza-la situación dos ocupantes irregulares destas vivendas, facendo unha nova adxudicación a favor do ocupante de feito e resolvendo previamente a relación xurídica co anterior titular, que non ocupaba a vivenda, axustando, polo tanto, o parque de vivendas de promoción pública ás necesidades reais.

En resumo, a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo, está a desenvolver tódolos mecanismos ó seu alcance para evitar que se produzan situacións como a descrita na pregunta. Cando nesta se fala de ‘situacións como as que se están a denunciar’ a redactora debería ter en conta, antes de facela antedita afirmación, que a lei é para todos e, segundo a lei, feitos non demostrados non constitúen proba. Xa que logo, e non é este o caso, cando a Xunta se ve imposibilitada para lles pór fin a situacións de non ocupación de vivendas sociais, a razón estriba, unicamente, na falta de posibilidades legais para probar coa contundencia debida ese feito.

Con todo, o IGVS espera que, cos mecanismos antes subliñados, os servicios de inspección poidan ir avanzando na erradicación dos casos citados”.

O que lle remito á V.E., para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento en vigor.

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 1994.

Asdo.: Dositeo Rodríguez Rodríguez

Conselleiro da Presidencia e Administración Pública

Resposta remitida pola Xunta de Galicia á Pregunta de Dª Mª Antonia Álvarez Yáñez, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o importe e o nome

dos beneficiarios das subvencións concedidas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes para a comercialización da pataca na comarca da Limia nos anos 1992-1993 (núm. 1.934. Pregunta núm. 1.517).

Presidencia

En cumprimento do disposto no artigo 65 e concordantes do Regulamento da Cámara, ordénase a publicación no Boletín Oficial do Parlamento da resposta remitida pola Xunta de Galicia (núm. 1.934) á Pregunta de D^a M^a Antonia Álvarez Yáñez, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o importe e o nome dos beneficiarios das subvencións concedidas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes para a comercialización da pataca na comarca da Limia nos anos 1992-1993 (núm. 1.517).

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 1994.

O VICEPRESIDENTE 1^o

José María García Leira

Excmo. Sr.:

En relación coa Pregunta con resposta escrita número 1.517, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D^a M^a Antonia Álvarez Yáñez, sobre “o importe e o nome dos beneficiarios das subvencións concedidas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes para a comercialización da pataca na comarca da Limia nos anos 1992-1993” (publicada no BOPG nº 69, do 14 de maio de 1994), teño a honra de enviárlle á V.E., para así dar cumprimento ó previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, que ten o seguinte contido:

“A produción de patacas en Galicia é de arredor de un millón de toneladas anuais. Esta produción esténdese por toda Galicia, aínda que hai tres zonas nas que a produción é máis importante: Bergantiños, na Coruña; Vilalba, en Lugo; e A Limia, en Ourense. Nas dúas primeiras zonas citadas, aínda que importante, non é o produto principal, namentres que na Limia é o cultivo principal da zona.

A produción do ano 1992, en parte polas favorables condicións climatolóxicas e tamén polo incre-

mento da superficie plantada, experimentou un crecemento entre o 15 e o 20%. Este incremento da produción non se dá só en Galicia, senón que afecta toda Europa. Os excedentes de produción orixinan dificultades na comercialización, provocando a caída dos prezos ata niveis que fan que os produtores non recuperen o diñeiro investido no cultivo.

Verbo das actuacións da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, hai que sinalar que ademais dunha serie de accións que tiñan como obxectivo acadar un mellor trato na comercialización, coa presenza e publicidade da pataca de Galicia nas grandes superficies, levou a cabo outro tipo de actuacións, como son:

1.- Campaña de publicidade.

O Órgano Rector do Producto Galego de Calidade ‘Pataca de Galicia’ realizou unha campaña de promoción financiada pola Consellería que consistiu en:

- Campaña en prensa e radio.

-Actos de presentación do produto e degustación de pratos diversos confeccionados con pataca de Galicia. Estes actos tiveron lugar en Valencia, Barcelona e Madrid.

Esta campaña consistiu na inserción de anuncios na prensa de Galicia ó longo de 20 días. O investimento da Consellería foi de 24.327.367 ptas.

2.- Convenio coa Agrupación de Almacenistas de Patacas da Limia.

O obxectivo deste convenio foi a comercialización de 15.000 tm de patacas. A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes achegou 50.000.000 de ptas. pagadas en dous prazos para subvencionar os gastos ocasionados ós almacenistas no seu labor de comercialización do produto, e para axudar os produtores. Os produtores vendedores de patacas recibiron 3 ptas. por kg adicionalmente ó pagado polos almacenistas (7 ptas. por kg), facendo que o prezo fose de 10 ptas. por kg.

Comercializáronse 15.600 tm de patacas, que pertencían a 294 produtores beneficiados coa acción descrita.

3.- Convenio co INORDE para a promoción e mellora da comercialización de produtos agroalimentarios producidos na provincia de Ourense.

Para cumprir con estes obxectivos mencionados, a Consellería achegou 60.000.000 de ptas. O INORDE comprometeuse a programa-la recollida, clasificación, transporte e comercialización, ós distribuidores do mercado nacional e internacional, de produtos agroalimentarios ata un límite de 8.600.000 kg. Beneficiáronse deste convenio 665 produtores.

4.- Subvencións para a adquisición de semente.

O baixo precio acadado pola patata permite pensar que nas novas plantacións non se van utilizar patatas de calidade, usando as sementes de plantacións anteriores, o que traería consigo unha mingua das producións e, sobre todo, unha baixa na calidade do produto.

Co fin de prever e paliar, na medida do posible, todos estes problemas, a Consellería estableceu unhas liñas de subvencións para a adquisición de patata de semente, encargándolle ó Órgano Rector do Produto Galego de Calidade 'Patata de Galicia' o control do programa.

O investimento acadou a cifra de 21.771.817 ptas. Ademais de sufragalo gasto para controlar que a patata sexa certificada e que se utilice realmente, iso permitiu tamén a adquisición de 1.541.000 kg de patata de semente, co fin de plantar 770 ha".

O que lle remito á V.E., para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento en vigor.

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 1994.

Asdo.: Dositeo Rodríguez Rodríguez
Conselleiro da Presidencia e Administración Pública

Resposta remitida pola Xunta de Galicia á Pregunta de D^a M^a Antonia Álvarez Yáñez, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as subvencións concedidas pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda á empresa COPORSA de

Ourense, contía e exercicios presupostarios nos que figuraron (núm. 1.952. Pregunta núm. 1.463).

Presidencia

En cumprimento do disposto no artigo 65 e concordantes do Regulamento da Cámara, ordénase a publicación no Boletín Oficial do Parlamento da resposta remitida pola Xunta de Galicia (núm. 1.952) á Pregunta de D^a M^a Antonia Álvarez Yáñez, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as subvencións concedidas pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda á empresa COPORSA de Ourense, contía e exercicios presupostarios nos que figuraron (núm. 1.463).

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 1994.

O VICEPRESIDENTE 1º

José María García Leira

Excmo. Sr.:

En relación coa Pregunta con resposta escrita número 1.463, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D^a M^a Antonia Álvarez Yáñez, sobre "as subvencións concedidas pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda á empresa COPORSA de Ourense, contía e exercicios presupostarios nos que figuraron" (publicada no BOPG nº 66, do 7 de maio de 1994), teño a honra de envialle á V.E., para así dar cumprimento ó previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, que ten o seguinte contido:

"A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda non concedeu subvención ningunha á empresa COPORSA, fundada con data 27-03-1990 e con domicilio social en R/ Valle Inclán, 9, entreplanta, de Ourense".

O que lle remito á V.E., para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento en vigor.

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 1994.

Asdo.: Dositeo Rodríguez Rodríguez
Conselleiro da Presidencia e Administración Pública

Resposta remitida pola Xunta de Galicia á Pregunta de D. Guillermo Vázquez Vázquez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións respecto da contía da dotación de persoal, especialidades, servizo de urxencia, equipo de atención primaria e posta en funcionamento do novo centro de saúde do concello do Porriño (núm. 1.953. Pregunta núm. 1.537).

Presidencia

En cumprimento do disposto no artigo 65 e concordantes do Regulamento da Cámara, ordénase a publicación no Boletín Oficial do Parlamento da resposta remitida pola Xunta de Galicia (núm. 1.953) á Pregunta de D. Guillermo Vázquez Vázquez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións respecto da contía da dotación de persoal, especialidades, servizo de urxencia, equipo de atención primaria e posta en funcionamento do novo centro de saúde do concello do Porriño (núm. 1.537).

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 1994.

O VICEPRESIDENTE 1º

José María García Leira

Excmo. Sr.:

En relación coa Pregunta con resposta escrita número 1.537, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Guillermo Vázquez Vázquez, sobre “as previsións respecto da contía da dotación de persoal, especialidades, servizo de urxencias, equipo de atención primaria e posta en funcionamento do novo centro de saúde do concello do Porriño” (publicada no BOPG nº 69, do 14 de maio de 1994), teño a honra de enviarlle á V.E., para así dar cumprimento ó previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Sanidade e Servizos Sociais acaba de rematar en datas recentes o novo centro de saúde do municipio do Porriño, que vai permitir que a asistencia sanitaria que ata agora se viña prestando no concello, nun recurso físico realmente moi deficitario, se preste agora no novo centro de saúde de xeito máis satisfactorio.

O presuposto da obra ascendeu a 162.845.654 pesetas e foi dotado de material médico e xeral por valor de case 10.000.000.

O só feito da construción do centro de saúde xa é un grande avance na mellora da asistencia sanitaria prestada e a Consellería de Sanidade e Servizos Sociais e mailo SERGAS petenden xuntar este feito co novo pulo que se lle está a dar ó desenvolvemento da atención primaria na nosa Comunidade Autónoma.

O proceso de desenvolvemento da atención primaria ten dous eixes fundamentais. Por unha banda, a aplicación dos criterios de ordenación e organización que se prevén no Decreto 200/1993, e, por outra banda, o Plan integral de urxencias; todo iso sustentado co sistema de información referido á actividade asistencial que vai permitir toma-las decisións máis axeitadas á demanda dos servizos.

A aplicación dos contidos do Decreto 200/93 xa está en marcha coa quenda previa de traslados dos profesionais da atención primaria. Posteriormente á quenda previa, farase a oferta de integración deles nas novas unidades e servizos de atención primaria. A Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, a través do SERGAS, pretende face-la devandita oferta de integración unha vez pasado o verán.

Con respecto ó Plan integral de urxencias, no que se definen os futuros PAC (puntos de atención continuada), e O Porriño é un deles, a Consellería pretende compasalo coa oferta de integración e a formación das unidades e servizos de atención primaria.

Todo o anterior configurará no municipio do Porriño as seguintes actuacións:

-O vindeiro día 13 entrará en funcionamento o novo centro de saúde.

-O persoal que inicialmente prestará servizo nel é o que no momento actual xa o está prestando, a saber:

4 médicos xerais.

1 pediatra.

2 practicantes. ATS/DUE.

1 matrona.

1 celador.

Ademais de persoal de servicios xerais (unha persoa), que vai permitir ofrecerlle á poboación do concello o programa de cita previa.

Inicialmente no municipio atenderanse as urxencias médicas do mesmo xeito que na actualidade.

Unha vez rematada a quenda previa de traslados, e se a vontade dos profesionais do municipio é favorable, crearase neste unha unidade de atención primaria, cun reforzo importante de persoal auxiliar para facer máis efectivos os labores encomendados a ela. Será nese momento cando se poderá face-la análise das cargas de traballo dos distintos profesionais e dotar novas prazas se así fose necesario. Téñase en conta que o feito da integración e creación das unidades de atención primaria comporta un aumento efectivo da dedicación horaria de 15 ata 40 horas semanais.

Polo que respecta á atención urxente, desenvólvese ó mesmo tempo cá unidade de atención primaria a creación do PAC (punto de atención continuada), que estará formado polos profesionais do propio municipio ademais doutros dos municipios veciños. Con este obxectivo xa está dimensionada e dotada a área de urxencias que vai servir para tal fin”.

O que lle remito á V.E., para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento en vigor.

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 1994.

Asdo.: Dositeo Rodríguez Rodríguez
Conseleiro da Presidencia e Administración Pública

Resposta remitida pola Xunta de Galicia á Pregunta de D^a M^a Pilar García Negro e D. Francisco Rodríguez Sánchez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os datos relativos á distribución anual dos mil douscentos millóns de pesetas consignados nos presupostos da CRTVG para 1994, destinados a dobraxes e subtitulacións, criterios seguidos e pagamentos efectuados, a 31 de decembro de 1993, ás diferentes empresas do sector (núm. 1.954. Pregunta núm. 1.478).

Presidencia

En cumprimento do disposto no artigo 65 e concordantes do Regulamento da Cámara, ordénase a publicación no Boletín Oficial do Parlamento da resposta remitida pola Xunta de Galicia (núm. 1.954) á Pregunta de D^a M^a Pilar García Negro e D. Francisco Rodríguez Sánchez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os datos relativos á distribución anual dos mil douscentos millóns de pesetas consignados nos presupostos da CRTVG para 1994, destinados a dobraxes e subtitulacións, criterios seguidos e pagamentos efectuados, a 31 de decembro de 1993, ás diferentes empresas do sector (núm. 1.478).

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 1994.

O VICEPRESIDENTE 1º

José María García Leira

Excmo. Sr.:

En cumprimento do acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, achego a resposta escrita á Pregunta formulada por D^a María Pilar García Negro e D. Francisco Rodríguez Sánchez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os datos relativos á distribución anual dos mil douscentos millóns de ptas. consignados nos presupostos da CRTVG para 1994 destinados a dobraxes e subtitulacións.

“Á vista da pregunta formulada polos deputados D^a María Pilar García Negro e D. Francisco Rodríguez Sánchez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), sobre dotación presupostaria con destino a dobraxes e subtitulacións, esta Dirección Xeral responde:

Primeiro.- Que o número de horas entregadas a cada unha das dez empresas de dobraxe durante o ano 1993 foi o seguinte:

BEST DIGITAL	85,0 horas
CTV	285,0 “
DOBLESON	104,5 “
ESTUDIO UNO	112,5 “
INTEREUROPA	49,0 “

SODINOR	93,0 “	- Telenovelas	33,0 horas
SONGASA	131,0 “	2. Subtitulacións:	
SONOR	220,0 “	- Longametraxes, V.O.	39 películas”
STUDIO XXI	151,5 “	Santiago de Compostela, 9 de xuño de 1994.	
VÍDEO GALICIA	289,5 “	Asdo.: Ramón Villot y Villot	
		Director xeral da Compañía de Radio-Televisión de Galicia	

Segundo.- Que os criterios para a adxudicación de dobraxes ou subtitulacións foron establecidos por TVG, S.A., de acordo con tódalas empresas do sector; en función deste acordo, mantéñense desde 1990 compromisos anuais relativos a cotas básicas ou volume de traballo, sen prexuício da discrecionalidade de adxudicacións conforme ós seguintes baremos:

a) Calidade técnico-artística.

b) Riqueza de repartos.

c) Condicións especiais de precio e prazo, no suposto de traballos de características singulares (series de longa duración, animación infantil, etc.), en réxime de concurso ou poxa por debaixo de tarifa.

Terceiro.- Que non se produciu ningún encargo de traballo con empresas de dobraxe ou subtitulación de fóra de Galicia.

Cuarto.- Que a totalidade dos programas de produción allea emitidos por Televisión de Galicia durante o ano 1993 foron dobrados ó galego ou subtitulados neste idioma.

Quinto.- Que a especificación temática das dobraxes e subtitulacións contratadas durante o ano 1993 é a seguinte:

1. Dobraxes:

- Longametraxes	340 películas
- Series	683,5 horas
- Debuxos	403,0 horas
- Documentais	27,5 horas

Resposta remitida pola Xunta de Galicia á Pregunta de D^a M^a Pilar García Negro e D. Francisco Rodríguez Sánchez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os datos relativos á aplicación das partidas consignadas nos presupostos da CRTVG do ano 1993 destinadas a “Colaboracións” e criterios de selección utilizados (núm. 1.955. Pregunta núm. 1.477).

Presidencia

En cumprimento do disposto no artigo 65 e concordantes do Regulamento da Cámara, ordénase a publicación no Boletín Oficial do Parlamento da resposta remitida pola Xunta de Galicia (núm. 1.955) á Pregunta de D^a M^a Pilar García Negro e D. Francisco Rodríguez Sánchez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os datos relativos á aplicación das partidas consignadas nos presupostos da CRTVG do ano 1993 destinadas a “Colaboracións” e criterios de selección utilizados (núm. 1.477).

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 1994.

O VICEPRESIDENTE 1^o

José María García Leira

Excmo. Sr.:

En cumprimento do acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, achego a resposta escrita á Pregunta formulada por D^a María Pilar García Negro e D. Francisco Rodríguez Sánchez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os datos relativos á aplicación das partidas consignadas nos presupostos da CRTVG do ano 1993 destinadas a “Colaboracións”.

“Á vista da Pregunta formulada polos deputados D^a María Pilar García Negro e D. Francisco Rodríguez Sánchez, do G.P. do Bloque Nacionalista

Galego (BNG), sobre “Colaboracións” no presuposto da CRTVG correspondente ó exercicio de 1993, esta Dirección Xeral responde:

Primeiro.- Que o texto da pregunta non é correcto. Do total de 227,7 millóns de ptas., a distribución é a seguinte:

- CRTVG	7,0
- RTG	50,7
- TVG	220,0

Segundo.- Que a aplicación presupostaria na Compañía e nas súas sociedades se axusta á seguinte especificación:

CRTVG

Colaboracións literarias e gráficas Revista RTVG
7.000.000 ptas.

RTG, S.A.

Colaboracións deportivas	9.750.000 ptas.
Colaboracións informativas	12.500.000 ptas.
Colaboracións programas	16.500.000 ptas.
Colaboracións artísticas	10.000.000 ptas.
Seguros sociais colab. artísticas	2.000.000 ptas.
Suma	50.750.000 ptas.

TVG, S.A.

Producción propia:

Colaboracións eventuais	105.000.000 ptas.
Artistas	95. 000. 000 ptas.
Seguros soc. colabor./artistas	20.000.000 ptas.
Suma	220.000.000 ptas.

Terceiro.- Que os criterios aplicados á selección dos colaboradores son responsabilidade dos directores xerentes das sociedades e, en ocasións, dos directores ou realizadores dos programas de televisión e de radio. En todo caso, responden á capacidade profesional, ó coñecemento específico da materia sobre a que desenvolven as súas colaboracións ou á calidade artística dos seleccionados.”

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 1994.

Asdo.: Ramón Villot y Villot

Director xeral da Compañía de Radio-Televisión de Galicia

9

INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

9.1 INFORMACIÓNS

Rexeitamento da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Francisco Rodríguez Sánchez e D. Alberte Xullo Rodríguez Feixoo, sobre a situación do instituto de Formación Profesional de Foz (núm. 1.006. Comisión 4º).

Presidencia

A Comisión 4ª, Educación e Cultura, en sesión celebrada o día 2 de xuño de 1994, no punto 2º da orde do día, rexeitou a Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Francisco Rodríguez Sánchez e D. Alberte Xullo Rodríguez Feixoo, sobre a situación do instituto de Formación Profesional de Foz (doc. núm. 1.006, publicado no BOPG núm. 46, do 24 de marzo de 1994), coa seguinte votación:

. Votos a favor	6
. Votos en contra	10
. Abstencións	0

O que se publica para xeral coñecemento, ó amparo do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 2 de xuño de 1994.

O VICEPRESIDENTE 2º

Miguel Cortizo Nieto

Rexeitamento da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Francisco Rodríguez Sánchez, sobre as probas de selectividade para o acceso á Universidade (núm. 1.117. Comisión 4º).

Presidencia

A Comisión 4ª, Educación e Cultura, en sesión celebrada o día 2 de xuño de 1994, no punto 2º da orde do día, rexeitou a Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Francisco Rodríguez Sánchez, sobre as probas de selectividade para o acceso á Universidade (doc. núm. 1.117, publicado no BOPG núm. 50, do 8 de abril de 1994), coa seguinte votación:

Puntos 1, 2 e 5:

. Votos a favor	5
. Votos en contra	10
. Abstencións	0

Puntos 3 e 4:

. Votos a favor	3
. Votos en contra	12
. Abstencións	0

Punto 6:

. Votos a favor	3
. Votos en contra	10
. Abstencións	2

O que se publica para xeral coñecemento, ó amparo do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 2 de xuño de 1994.

O VICEPRESIDENTE 2º

Miguel Cortizo Nieto

Rexeitamento da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de Dª Olaia Fernández Davila e D. Francisco Trigo Durán, sobre o grupo de empresas Mar (núm. 1.012. Comisión 6ª).

Presidencia

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, en sesión celebrada o día 31 de maio de 1994, no punto 3º da orde do día, rexeitou a Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de Dª Olaia

Fernández Davila e D. Francisco Trigo Durán, sobre o grupo de empresas Mar (doc. núm. 1.012, publicado no BOPG núm. 46, do 21 de marzo de 1994), coa seguinte votación:

. Votos a favor	7
. Votos en contra	9
. Abstencións	0

O que se publica para xeral coñecemento, ó amparo do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 31 de maio de 1994.

O VICEPRESIDENTE 2º

Miguel Cortizo Nieto

Rexeitamento da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Alfredo Suárez Canal e Dª María Pilar García Negro, sobre as medidas para buscar unha saída xusta e negociada ó problema das propiedades afectadas pola explotación de LIMEISA nas Encrobas (núm. 1.259. Comisión 6ª).

Presidencia

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, en sesión celebrada o día 31 de maio de 1994, no punto 3º da orde do día, rexeitou a Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Alfredo Suárez Canal e Dª María Pilar García Negro, sobre as medidas para buscar unha saída xusta e negociada ó problema das propiedades afectadas pola explotación de LIMEISA nas Encrobas (doc. núm. 1.259, publicado no BOPG núm. 56, do 16 de abril de 1994), coa seguinte votación:

. Votos a favor	7
. Votos en contra	9
. Abstencións	0

O que se publica para xeral coñecemento, ó amparo do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 31 de maio de 1994.

O VICEPRESIDENTE 2º

Miguel Cortizo Nieto

Rexeitamento da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Emilio López Pérez, sobre a toma de iniciativas por parte das consellerías de Agricultura, Gandería e Montes e Sanidade e Servicios Sociais para evitar accidentes relacionados con actividades no medio rural (núm. 1.565. Comisión 7ª).

Presidencia

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, en sesión celebrada o día 27 de maio de 1994, no punto 2º da orde do día, rexeitou a Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Emilio López Pérez, sobre a toma de iniciativas por parte das consellerías de Agricultura, Gandería e Montes e Sanidade e Servicios Sociais para evitar accidentes relacionados con actividades no medio rural (doc. núm. 1.565, publicado no BOPG núm. 69, do 14 de maio de 1994), coa seguinte votación:

. Votos a favor	7
. Votos en contra	10
. Abstencións	0

O que se publica para xeral coñecemento, ó amparo do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 27 de maio de 1994.

O VICEPRESIDENTE 2º

Miguel Cortizo Nieto

Rexeitamento da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. Uxío Labarta Fernández, sobre a asunción de oficio das funcións de vixilancia e inspección dos vertidos industriais nas rías e a limpeza dos fondos das embarcacións polo Servicio de Protección de Recursos, Subdirección Xeral de Protección de Recursos núm. 1.490. Comisión 8ª).

Presidencia

A Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, en sesión celebrada o día 8 de xuño de 1994, no punto 2º da orde do día, rexeitou a Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. Uxío Labarta Fernández, sobre a asunción de oficio das funcións de

vixilancia e inspección dos vertidos industriais nas rías e a limpeza dos fondos das embarcacións polo Servicio de Protección de Recursos, Subdirección Xeral de Protección de Recursos (doc. núm. 1.490, publicado no BOPG núm. 65, do 6 de maio de 1994), coa votación seguinte:

. Votos a favor	6
. Votos en contra	10
. Abstencións	0

O que se publica para xeral coñecemento e ó abeiro do disposto no artigo 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 1994.

O VICEPRESIDENTE 2º

Miguel Cortizo Nieto